



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25 DE OUTUBRO DE 2021

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00040332W.

Licenza obra maior.

Acórdas conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 06/09/2021, a demolición de construción en ruina e dous alpendres situados na Rúa Vintecinco de Xullo, 38 Santiago de Compostela(A Coruña), cun orzamento de execución material de 1.525,00 €.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020184W.

Licenza de Segregación.

Acórdase conceder licenza para realizar segregación, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 07/05/2021, coas seguintes parcelas de resultado:
PARCELA RESULTADO 1; 274 A. Superficie 3.564,00m2s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria.

PARCELA RESULTADO 2; FINCA Nº 274 B. Superficie 3.435,00m2s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria.

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00004464E.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 26/01/2021 , outorgada ante Notario co número de protocolo oitenta. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 28/10/2020 e a documentación presentada o 02/07/2021, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa Ponte Munín, 46 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 232.986,50 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00040296N.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 07/09/2021, a demolición da edificación situada na Rúa Vintecinco de Xullo de Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 1.350,00 €.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002513K.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico de data de visado do 26/01/202, cun orzamento de execución material de 78.506,70 €. O proxecto básico refírese á execución dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela situada no Lg Sionlla Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00036983B.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, a rehabilitación parcial de edificio para 4 vivendas na Rúa Altamira, 1 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 190,000,00 €.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00022747N.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder á Xunta de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 25/05/2021, a reforma interior e reorganización da ocupación do complexo administrativo de San Caetano FASE 1-A: Rehabilitación e Reforma da Envolvente para a Mellora Enerxética do edificio posterior esquerdo (edificio “ espellos”) situado na Rúa de San Caetano nº1 e Rúa de Otero Pedraio nº 12-14 Santiago de Compostela (A Coruña) ,cun orzamento de execución material de **3.716.607,04 €**, coas seguintes condicións:

Tendo en conta que, de acordo coa ficha de catalogación, non se permiten aumentos de volume nin aproveitamento sobre as actuáis resultantes das obras descritas no catálogo de protección, condiciónase a licenza desta primeira fase das actuacións coa obriga de que no proxecto de intervención da segunda fase das obras se xustifique axeitadamente que a superficie construída do estado reformado do complexo administrativo será igual ou menor á existente na actualidade.

A colocación dos paneis fotovoltaicos previstos en cuberta, realizarase conforme ao deseño presentado, é dicir, sen sobresaír por riba da altura do cumio do tellado (no caso dos paneis situados sobre a cuberta plana), e coa mesma pendente que o faldrón de tella (no caso dos paneis previstos na cuberta inclinada orientada cara ao sur). Co obxecto de facilitar a integración da instalación no conxunto, deberanse empregar paneis fotovoltaicos cunha superficie de acabado o menos brillante posible, para evitar os reflexos na cuberta.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002778X.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 19/11/2020, a construción dunha piscina privada na parcela dunha edificación existente situada no Lg de Silvouta en Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 8.916,00 €.

9. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/151/2020.

Licenza de obras de legalización de almacén agrícola no LUGAR DE BALSOMA, 2.

Acórdase CONCEDER licenza de OBRAS de legalización de almacén agrícola no LUGAR DE BALSOMA, segundo Proxecto técnico con data de rexistro de 10/03/2020 e anexos de 21/10/2020 e 20/04/2021, cun orzamento de execución material de 41.240 €.

As actuacións consistirán legalización de edificación de dous plantas destinada a almacén agrícola cunha superficie construída total de 209,65 m² (176,58 m² de superficie útil) superficie de ocupación de 99,28 m² e altura de 8,90 metros incluída cuberta. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 16 de especial protección agropecuaria do PXOM.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042279V.

Novo informe proposta á XGL con fiscalización previa para aprobación de inicio procedemento de licitación e aprobación do gasto.

Acórdase aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da *Acondicionamento e mellora dos pavimentos no núcleo de Pardiñas* (Laraño), abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **459.717,21 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base

Impoñible de 379.931,58 € e IVE 21% de 79.785,63 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000/ 2020 2 PROV 35 4.

A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

ANO 2021: 151.525,82€

ANO 2022: 308.191,39€

TOTAL: 459.717,21€

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.

Proposta á XGL con fiscalización previa para Aprobar o expediente, abrir o procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, e autorizar o gasto.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías*; abrir o procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, e autorizar o gasto que se indica (IVE incluído):

- Lote I: Animación sociocultural. Orzamento estimado máximo de gasto: 1.367.147,66 euros.
- Lote II: Bibliotecas. Orzamento estimado máximo de gasto: 436.568,75 euros.
- Lote III: Atención ao público. Orzamento estimado máximo de gasto: 433.194,31 euros
- Lote IV: Novas tecnoloxías. Orzamento estimado máximo de gasto: 363.299,94 euros.

O importe total dos catro lotes suma: **2.600.210,66 euros** (IVE incluído)

Segundo: O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 33403 2279900, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2021: Lote I: 398.751,40 euros/ Lote II: 127.332,56 euros/ Lote III: 126.348,34 euros/ Lote IV: 105.962,02 euros.
- Anualidade 2022: Lote I: 683.573,83 euros/ Lote II: 218.284,38 euros/ Lote III: 216.597,16 euros/ Lote IV: 181.649,17 euros.
- Anualidade 2023: Lote I: 284.822,43 euros/ Lote II: 90.951,82 euros/ Lote III: 90.248,82 euros/ Lote IV: 75.687,15 euros.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042278Q.

Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da Execución do proxecto "Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na cañoteira-Outeiro de Marrozos", abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de 212.000,00 euros.

Acórdase aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da Execución do proxecto *Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na cañoteira-Outeiro de Marrozos*, abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **212.000,00 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Impoñible de 175.206,61 € e IVE 21% de 36.793,39 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 2021 100 45400 190000 2017 2 PPROV 35 2.

A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

ANO 2021: 107.468,98€

ANO 2022: 104.531,02€

TOTAL: **212.000,00€**

13. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: SUBSTITUCIÓN DA DIRECCIÓN DO CONTRATO.

Autorización da substitución do director/supervisor municipal do contrato de mantemento e conservación do sistema de ordenación de tráfico e do túnel do Hórreo.

Acórdaes designar a D. José Manuel Miranda Rodríguez, enxeñeiro técnico deste Servizo de Mobilidade e Seguridade, como técnico municipal directora-responsable do contrato Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela.

**14. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/4245 Urbaser, S.A..
Proposta de convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda a Urbaser, S.A., agosto 2021.**

Acordase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de agosto do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscientos sesenta e oito mil douscentos oitenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (668.289,63 €) a favor de "Urbaser, S.A.", imputándose 306.678,11 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/2270000 e 361.611,52 euros á aplicación 021/020/16210/2270800 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020318K.

Prórroga das autorizacións de venda ambulante de recordos ata o 12 de decembro de 2021.

Acórdase prorrogar as autorizacións de venda ambulante de recordos, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 23.08.2021, ata o 12 de decembro de 2021, coa obriga por parte dos autorizados de manter o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para o exercicio da actividade.

16. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00029755M.

Concesión da subvención para festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2021.

Acórdase:

Aprobar as concesión de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2021 ás entidades que se relacionan, por un importe total de **5.270 euros**.

NOME/RAZON SOCIAL	FESTA	IMPORTE SOLICITADO
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CASA AGRARIA	San Miguel (26 setembro)	1.250 €
AA.VV SAN XOAN DEFECHA	Lamascal (27 xuño)	750 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ZEJAR	San Campio (26 setembro)	1.250 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FCO. GARCIA BEIRO" DE MARROZOS	Marrozos (15 agosto)	1.250 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARTA-CHOUPANA (VEDESMA)	Festa de Santa Marta (29/07/2021)	770 €

2. Excluir 5 solicitudes por non cumprir algún dos puntos da convocatoria ou por desistimento.
3. Anular o crédito restante por importe de 38.730 euros repoiando o saldo na aplicación orzamentaria 2021 060 33800 4890100.

17. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00038625C.

Aprobación do Convenio coa Asociación Área Empresarial Do Tambre para fomentar e impulsar o desenvolvemento dun polo de biotecnoloxía e outros obxectivos marcados no Pacto Pola Industrialización de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2021.

Acórdase:

1. Aprobación do convenio coa Asociación Área Empresarial do Tambre.
 2. Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **50.000.- €** con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2021.
- O convenio de colaboración coa Asociación Área Empresarial do Tambre ten como obxecto fomentar e impulsar as accións encamiñadas ao desenvolvemento dun Polo de Biotecnoloxía e outros obxectivos no marco do Convenio da Sionlla así como a colaboración no servizo de vixilancia da área empresarial realizado por esta Asociación de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021 aprobado en Xunta de Goberno de 14 de xuño de 2021.

18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00023326Q.

Aprobación do Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar parte dos gastos necesarios para que a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela continúe a prestar durante o ano 2021 os servizos de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021.

Acórdase:

1. Aprobación do convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.
 2. Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **75.000.- €** con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2021.
- O convenio de colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar parte dos gastos necesarios para que a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela continúe a prestar durante o ano 2021 os servizos que no borrador de convenio incorporado ao expediente con data de 22 de setembro de 2021 se especifican de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021 aprobado en Xunta de Goberno de 14 de xuño de 2021.

19. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00038665Z.

Aprobación do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “III Feira de Emprendedoras” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021.

Acórdase:

1. Aprobación do modelo de convenio que se achega coa Universidade de Santiago de Compostela.
 2. Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **40.000.- €** con cargo á aplicación 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2021.
- O convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “III Feira de Emprendedoras” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2021 aprobado en Xunta de Goberno de 14 de xuño de 2021.

20. TESOURERÍA CENTRAL. Referencia: 2021/00042959F.

Convenio de Colaboración Social – Economistas.

Apróbase o “CONVENIO DE COLABORACIÓN SOCIAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O COLEXIO DE ECONOMISTAS DA CORUÑA, sen custe para o Concello de Santiago. Permitirá as persoas colexiadas, realizar trámites triburarios coa administración.

21. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00035201T.

Dar conta da sinatura do convenio coa asociación Médicos del Mundo.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a asociación Médicos del Mundo e o Concello de Santiago, para o ano 2021, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de dez mil euros -10.000,00€.

22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022331X.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural O Galo 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Cultural O Galo e o Concello de Santiago, para o ano 2021, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de dez mil euros -5.000,00€.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046814K.

Dación de conta á XGL do auto resolutorio recaído no procedemento PO 476/2020 CA2.

Resolución: Auto de 19.10.2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 476/2020

Obxecto: Acordo da XGL de 21.09.2021, polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra o Acordo da XGL de 15.06.2021 (expte. LIC/1778/2015), no que se concede a licenza de restauración da Canteira Monte Santa Mariña nos termos e condicións do propio acordo.

O único efecto deste Auto é a terminación do procedemento xudicial, e non o recoñecemento da legalidade urbanística da actividade de explotación da canteira, que deberá comprobarse polos servizos de Urbanismo; polo que se acorda:

1. Tomar coñecemento do auto.
2. Non interpoñer recurso de reposición.
3. Remitir ao departamento de Urbanismo, para a súa constancia.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046565W.

Dación de conta á XGL das sentenzas recaídas nos 306, 307 e 327/2019 e 190, 203, 204, 205 e 320/2020 CA2.

Demandados: Axencia de Turismo de Galicia – Xunta de Galicia.

Codemandado: Concello de Santiago de Compostela.

Obxecto: denegación de inscrición de piso turístico no REAT.

Con data do 26 e 27.07.2021 foron notificadas as seguintes sentenzas, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 nos respectivos procedementos:

- 260/2021, do PO 306/2019.
- 259/2021, do PO 307/2019.
- 263/2021, do PO 327/2019.
- 258/2021, do PO 190/2020.
- 256/2021, do PO 203/2020.
- 257/2021, do PO 204/2020.
- 262/2021, do PO 205/2020.
- 261/2021, do PO 320/2020.

As citadas resolucións xudiciais estimaron os recursos presentados polos particulares contra a Xunta de Galicia, por mor da denegación da inscrición de pisos turísticos no rexistro

autonómico. A posición procesual do Concello foi de mero codemandado, en apoio das teses defendidas pola Xunta de Galicia.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza destas sentenzas.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00046883K.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 15 ao 21 de outubro de 2021.

URXENCIAS

26. Adjudicación do contrato “Prestación do servizo de dirección facultativa das obras de Rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal” a favor da empresa JOSÉ IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE.

Acórdase adjudicar o contrato de referencia a favor da empresa JOSÉ IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE, por un importe de **78.650 euros**, IVE incluído (65.000 euros + IVE 21%: 13.650 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

O coste asociado a este servizo financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 6220000/ proxecto GFA 2011 2 ESPIN 1, de acordo coa seguinte distribución por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2022:

Anualidade 2021: 39.325,00 euros.

Anualidade 2022: 39.325,00 euros.

27. MODIFICACIÓN DO PRIMEIRO PARÁGRAFO DA BASE 12 “XUSTIFICACIÓN” DAS BASES DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ANUALIDADE 2021.

Acórdase:

A modificación da base 12^a, primeiro parágrafo, da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2021, que queda redactada como segue:

1. A data límite de xustificación é o 19 de novembro de 2021. Se presenta a solicitude a través da sede do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá escoller o trámite “Xustificación de subvencións concedidas polo Concello” dentro do catálogo de trámites dispoñible. “

Este acordo non é susceptible de recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

28. Convalidación erro proposta concelleiro Mobilidade informe Intervención 989/2021 acordo Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2021.

Acórdase:

Corrixir o acordo da Xunta de Goberno con data 4 de outubro de 2021 no senso que onde di: *–“Detalle do gasto: Relación contable de facturas S/2021/2026 emitidas por AUTOS IGLESIAS, S.L. por un importe total de 17.327,20 €, e que comeza pola número F/2021/3853 por importe de 8.663,60 euros e finaliza pola número F/2021/4166 por importe de 8.663,60 euros, en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021”*

Debe dicir:

–Detalle do gasto: Relación contable de facturas S/2021/206 emitidas por AUTOS IGLESIAS, por un importe total de 17.327,20 €, e que comeza pola número F/2021/3853 por importe de 8.663,60 euros e finaliza pola número F/2021/4166 por importe de 8.663,60 euros, en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2021.